

NOTA PRENSA

O Concello de Pontedeume pon en marcha un servizo de alfabetización e integración para mulleres inmigrantes.

O próximo martes 17 de marzo arrinca o Servizo para a Alfabetización e Integración Social das Mulleres Inmigrantes do Concello de Pontedeume. Este programa ten como obxectivo favorecer a integración social e laboral das mulleres inmigrantes, mellorando as súas competencias na lingua española e galega, promovendo valores de igualdade de xénero e fomentando a participación cidadá. A actividade desenvolverase nas instalacións do centro Municipal de Maiores os martes e xoves de 9:30 a 11:30 h.

O programa inclúe cursos de alfabetización, obradoiros sobre saúde e educación, roteiros polo municipio e actividades sobre igualdade e corresponsabilidade. As nais con nenos e nenas menores de 3 anos poderán acceder a un espazo paralelo de coidado infantil durante as sesións. As actividades desenvolveranse no Centro Municipal de Maiores e no Centro de Formación Municipal FOREMDES, de marzo a setembro de 2026, cun máximo de 12 participantes por grupo.

Para o mantemento do servizo foi solicitada unha axuda á Xunta de Galicia ao abeiro da ORDE do 26 de decembro de 2025, para a promoción da igualdade, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027 (procedemento SI435A).

Con esta iniciativa, o Concello de Pontedeume afirma o seu compromiso coa diversidade, a igualdade e a creación dunha comunidade máis inclusiva.

